



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O lema do “**XI Cumio de COTEC Europa**”, celebrado o pasado 10 de febreiro no Palacio do Pardo en Madrid e ao que asistiu a directora da Axencia Galega de Innovación (GAIN) en calidade de padroa da Fundación COTEC, estivo centrado na **innovación para unha economía circular en Europa**.

No marco deste cumio presentouse o **primeiro informe que aborda a situación da economía circular en España** e que realizou a Fundación COTEC coa colaboración da Cátedra UNESCO de Sostibilidade da Universidade Politécnica de Catalunya (UPC), a Asociación Internacional Reciclar Ciudad (RECNET) e a Asociación para la Sostenibilidad y el Progreso de las Sociedades (ASYPS).

A economía circular é unha **alternativa ao actual modelo de produción**, baseado nunha cadea de valor que xenera residuos en todas as etapas. A alternativa consiste en **prolongar a vida económica útil dos materiais e recursos** tanto como sexa posible, reducindo ao mínimo a xeración de residuos. Esta transición, na que a innovación pode actuar como panca, é clave nas políticas da UE.

Este documento, ao que podes acceder no seguinte **enlace**, recopila os datos dispoñibles en relación á situación da economía circular en España, recolle unha serie de **iniciativas** postas en marcha, propón un **sistema de avaliación** baseado na creación dunha serie de **indicadores** e fai unha serie de **recomendacións**.

As **previsións do informe son moi optimistas**, segundo as estimacións da Comisión Europea, se se aplicara toda a normativa vixente en materia de residuos **crearíanse máis de 400.000 empregos** na Unión Europea, dos que 52.000 poderían ser en España.

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos até o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí .Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.

ESTAMOS EN REDES SOCIAIS
SÉGUENOS NAS TÚAS REDES FAVORITAS!

